

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DA CASTAÑA DE FOLGOSO DO COUREL**

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***A Festa das Pepitas de Ferrol e o Entroido dos Xenerais do Ulla obtiveron hoxe tamén a aprobación para ter a distinción***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 93 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Castaña de Folgoso do Courel. Esta festividade ten lugar tradicionalmente no concello de Folgoso do Courel, alternativamente en Folgoso e en Seoane e celébrase a comezos do mes de novembro desde o ano 1986.

As xentes da comarca reúnen neste enclave para degustar castañas asadas e viño acompañados por actuacións musicais da banda de gaitas e por outras actuacións e actividades como exposicións de artesanía rural, celebracións relixiosas ou tamén degustacións de produtos derivados da castaña ou que teñen as castañas como ingrediente principal.

A declaración comporta a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais da Festa da Castaña de Folgoso do Courel, o Consello da Xunta aprobou hoxe outras dúas declaracións para festas de Interese Turístico de Galicia, a da Festa das Pepitas, en Ferrol, e mais o Entroido dos Xenerais do Ulla.

Con estas novas declaracións, a comunidade galega conta xa con 93 Festas de Interese Turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 Festas coa declaración de Interese Turístico Nacional e as 6 co distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional.